

LINGUA GALEGA 6ºEP

Ola, meus chicos e chicas de 6º de primaria!!

Unha semana máis continuamos repasando os verbos da **PRIMEIRA CONXUGACIÓN**, é dicir, os **verbos rematados en –AR (estar, cantar, xogar, estudar, bailar, saltar...)**. De momento seguimos estudando únicamente o seguinte:

- **FORMAS NOMINAIS: infinitivo, xerundio e participio.**
- **MODO INDICATIVO: presente, copretérito, pretérito, antepretérito, futuro e pospretérito.**

Na páxina 92 do libro tedes o VERBO ESTAR conxugado para poder estudar. Déixovos tamén un enlace que podedes empregar para ver conxugados outros verbos rematados en –AR: <http://cotovia.org/proxecto/conxugador/index.html>

Unha vez repasados os verbos, debedes facer as seguintes actividades do libro de Lingua Galega.

- 1. Ler e estudar a páxina 56: o verbo, número e persoa dos verbos, formas verbais persoais e non persoais.**
- 2. Facer o exercicio 3 da páxina 57 no caderno.**
- 3. Facer os exercicios 1 e 2 da páxina 56 se non os fixestes ao longo da semana pasada.**

A continuación, tedes as páxinas 56 e 57 do libro de texto.

Unha vez feitos estes exercicios, enviade fotos ao meu correo: profeantia@gmail.com

MOITO ÁNIMO, MEUS CHICOS E CHICAS!!!

UN BICO MOI GRANDE!!!

Antía.

Coñecemento da lingua

Verbo (I): número e persoa; formas verbais persoais e non persoais



O verbo é a palabra que funciona como núcleo do predicado e expresa as accións que realiza o suxeito. Para concordar con el, as formas do verbo varían en número e persoa.

Número e persoa

O número indica se o suxeito que realiza a acción é un ou varios. Pode ser singular ou plural.

Singular	Refírese a unha soa persoa, animal ou cousa.
Plural	Fai referencia a varias persoas, animais ou cousas.

A persoa indica a persoa gramatical que realiza a acción.

1.ª persoa	Refírese á persoa que fala (eu, nds).
2.ª persoa	Fai referencia á persoa que escoita (ti, vds).
3.ª persoa	Refírese a outra persoa distinta da que fala ou escoita (el, ela, eles, elas).

Formas verbais persoais e non persoais

As **formas verbais** ás que lles podemos pór un pronome diante chámanse **formas persoais** (estou, podo).

As formas **non persoais** ou **nominais** do verbo reciben este nome porque son invariables, non teñen desinencias que expresen número, persoa, tempo ou modo e non aceptan un pronome.



FORMAS NOMINAIS OU NON PERSOAIS

- **Infinitivo** (abrir).
- **Xerundio** (chamando).
- **Participio** (pechada).

1 Escribe o número e a persoa das seguintes formas verbais.

son	virán	mercaremos	naciches
descifrou	atravesaras	nado	descubriades
operastes	xogan	soñase	defendesen
persuadín	bailariades	investigarán	atrapou

2 Escribe unha oración con cada unha das formas verbais solicitadas.

- Forma do verbo **viaxar** en primeira persoa do plural.
- Forma do verbo **sair** en primeira persoa do singular.
- Forma do verbo **imaxinar** en terceira persoa do singular.
- Forma do verbo **ler** en terceira persoa do plural.
- Forma do verbo **andar** en segunda persoa do plural.
- Forma do verbo **amar** en segunda persoa do singular.



3 Indica se as seguintes formas verbais son persoais ou non persoais, e clasifica estas últimas.

cazando venderon escribirás perseguindo temer
vir reflexionara andado posto desexado
consultaches encadernar cocinado vivido partiron

4 Escribe as formas non persoais dos seguintes verbos.

estaba ten queremos dixen
conformouse acostuma traballaron estudes

5 Completa a táboa coas formas verbais.

vivimos atoparedes pechou destes medrases
esquecería abriu comamos aforraron chamaches

Forma verbal	Persoa	Número	Infinitivo	Xerundio	Participio

6 Atopa as formas verbais do texto, clasifica as impersoais e indica o número e a persoa das persoais.

A Serxio, agochado entre uns arbustos, o corazón latexáballe con forza agardando por Antón. Pensando se prender a luz para guiar o vello, sentiuno abrir o portón e tropezar cun dos testos colocados no pé da escaleira. Quedou sorprendido ao contemplar a súa silueta, imaxinárao alto, pero alí plantado diante do reflexo da lúa semellaba moi baixo, parecía encollido. Antón, ao localizar o rapaz, atravesou o espazo que os separaba camiñando con pasos rápidos e, ao chegar canda el, tendeuille a man.



7 Analiza morfoloxicamente os artigos do texto e as súas contraccións.

Había unha vez unha rapaza que vivía nunha casa moi pequeniña das aforas da vila. A rapaza tiña que compartir o cuarto con dúas irmás e un gato. Cando chegaba a noite, as tres irmás, mentres agardaban polo sono, falaban entre elas. As súas conversas acostumaban rematar cando escoitaban uns golpes do outro lado da parede. Eran os seus pais avisándoas de que xa era un pouco tarde e tiñan que durmir.

Repaso morfoloxía

O artigo é un determinante que precede o substantivo e indica o seu xénero e número. Os artigos clasifícanse en indeterminados (un, unha, uns, unhas) e determinados (o, a, os, as). Os artigos determinados contraen coas preposicións a, con, de, en, por e coa partícula comparativa ca. Os artigos indeterminados contraen coas preposicións con, de e en.